



“Reflexos / reflexión en verso”. Un proxecto de intervención artístico-poética no campus

‘Reflections / Reflecting in Verse’: A Project of Artistic-Poetic Intervention in the Campus

Estefanía Mosquera Castro, M.^a Montserrat Muriano Rodríguez, Iria Sobrino-Freire, Roberto Suárez Brandariz, Patricia Carballal Miñán
Universidade da Coruña

Resumo

O proxecto consiste na realización por parte do alumnado dunha intervención no espazo público universitario a través dunha serie de accións poético-artísticas que permitan humanizar os lugares de traballo e de paso e, conviden ao goce, á reflexión e á participación. Para iso integramos repertorios de prácticas intermodais e de manifestacións da arte pública; concretamente, dous tipos: accións pechadas, que serven como chamada de atención, e accións abertas, que requiren a participación dos viandantes para se completaren. A idea é cuestionarmos o comportamento ensimesmado das persoas que transitan a diario polos mesmos lugares e desafialas a se deteren e reaccionaren.

Palabras chave: Educación artística, Expresión creativa, Apreciación da literatura, Poesía

Abstract

The project intends to involve students in intervening in public university spaces through a series of poetic-artistic actions, thereby allowing for the humanization of workplaces, while inviting entertainment, participation and critical reflexion. To this end, we seek to integrate repertoires of intermodal practices and public artistic manifestations that can be divided into two types: closed actions, which serve as a wake-up calls, and open actions, which require the participation of pedestrians to be carried out. The idea behind the project is to interrogate the self-internalized behaviour displayed by those who pass through the same places on a regular basis, encouraging people to stop and react.

Keywords: Art Education, Creative Expression, Literature Appreciation, Poetry

A proposta que presentamos gravita arredor de tres elementos sobre os que queremos reformular a nosa práctica docente: o espazo público – neste caso o do campus universitario-, o uso da palabra escrita por parte dos usuarios e usuarias que transitan por este e a poesía.

Atendendo ao primeiro dos elementos, trátase de revisarmos as prácticas cotiás que configuran o espazo público universitario. A noción de *espazo público*, de ampla tradición filosófica (Habermas, Luhmann, Arendt, Fraser), enténdese aquí nunha dobre dimensión: nun sentido abstracto, como o lugar “donde los problemas son señalados e interpretados, donde se experimentan las tensiones y el conflicto se convierte en debate, donde la problematización de la vida social es puesta en escena” (Innerarity, 2006, pp. 15-16); nun sentido físico, como aquilo que “es de uso o accesible para todos, abierto, en contraposición con lo cerrado, que se sustrae a la disposición de los otros” (Rabotnikof, 2008, p. 39). Consecuentemente con esta concepción, unha universidade pública, en tanto que institución creada en interese da comunidade e en virtude da autoridade que desta emana, debería constituír un escenario natural (na dupla acepción literal e figurada) de debate e visibilización das diferentes posicións arredor de cuestións que atinxen ao colectivo.

Porén, en relación cos usos escritos, observamos como a *paisaxe lingüística* (Landry & Bourhis, 1997) dos campus universitarios do noso contorno adoita reducirse a un conxunto de mensaxes institucionais e, cada vez con máis frecuencia, de mensaxes publicitarias, con respecto ás cales non parece haber regulación. Deste xeito, e se temos en conta a histórica relación entre a escrita e o poder (Bowman & Wool, 2000) podemos afirmar que os textos (e imaxes) ligados ao poder económico van adquirindo unha presenza crecente nestes lugares públicos, en paralelo aos procesos de privatización do ensino. Ao mesmo tempo que se produce esta penetración dos discursos empresariais nas universidades, outros discursos sociais son paulatinamente excluídos deste ámbito. É o que ocorre co discurso do estudantado, que adquirira un protagonismo singular noutros momentos da nosa

historia, desde o maio do 68 até as mobilizacións en contra da Lei Orgánica de Universidades en 2001 (Lourido, 2014), por citarmos dous exemplos ben coñecidos, mais que na actualidade está bastante ausente no espazo das facultades. A nosa proposta tenta, na medida do posíbel, cuestionar esta realidade e intervir sobre ela, nun exercicio de reapropiación do público.

Ao mesmo tempo, a iniciativa persegue ampliar a noción de poesía, que a crítica tendeu a identificar de xeito unívoco co xénero lírico, desatendendo as prácticas *non-líricas* ou *postlíricas* e priorizando a miúdo un canon extemporáneo (Casas, 2012). Desde a concepción romántico-hegeliana, entendíase por lírica a produción discursiva dun suxeito individual para a súa transmisión no presente, asociada coa introspección experiencial, coa negación da súa natureza ficcional e cunhas condicións comunicativas que consisten na recepción individual e solitaria dun libro de poemas en formato impreso (Baltrusch & Lourido, 2012). As aberturas creadas polo concepto do non-lírico permiten o recoñecemento de modelos alternativos en termos temáticos e formais (poéticas dialóxicas, políticas, lúdicas, prácticas interartísticas etc.), así como de novos modos de produción e recepción, que implican, por exemplo, a dilución das fronteiras entre autoría e público, a percepción da obra como proceso e non como produto e o entendemento dos espazos públicos como soportes para a arte. Interesa especialmente explorar aqueles programas poéticos que prevén unha serie de efectos transformadores no ámbito socio-político, que teñen sido analizados á luz das nocións de *performatividade* e *intervención* (Cid & Lourido, 2015). A incorporación de todos estes aspectos ao ámbito académico xustifícase pola necesidade, por unha parte, de ofrecermos un coñecemento actualizado, que incorpore os avances do saber científico e, por outra, de estimularmos no alumnado unha actitude de apreciación cara á poesía, a través de repertorios e modalidades comunicativas actuais e significativas para eles e elas.

Con base nestes principios xorde “Reflexos/reflexións en verso”, un proxecto de transformación da paisaxe do campus e, máis concretamente, das zonas próximas á Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, a través da realización dunha serie de accións poético-artísticas que encherían os espazos públicos por onde os membros da comunidade universitaria transitan a diario.

O propósito fundamental da nosa proposta é humanizarmos os lugares de traballo e de paso, a miúdo inhóspitos, implicando o alumnado no deseño dun conxunto de artefactos que conviden ao goce, á reflexión e mesmo á participación. Para as persoas que transitan por eses espazos estas intervencións suporán ao tempo un desafío e un convite. Un desafío porque cuestionan os seus comportamentos

ensimesmados e rutineiros. Un convite porque posibilitan a participación da cidadanía en actos de lectura e escritura cunha potencialidade crítica, lúdica e transformadora. Trátase, así, de que o público “entre no xogo” con naturalidade.

Mais, simultaneamente, esta iniciativa permite tamén formular outros obxectivos específicos. Así, para alén de ampliar o que se entende por paisaxe lingüística, mediante o emprego de textos literarios, o noso proxecto contribúe tamén para a difusión e a dinamización da literatura e máis concretamente do xénero poético, que tende a ser menos consumido e, en consecuencia, menos coñecido. Propoñémonos, neste sentido un obxectivo duplo. Por un lado, dar a coñecer diferentes tipos de poesía e, por outro, conseguir novos/as creadores/as (a través de iniciativas que máis abaixo especificaremos) e, así mesmo, novos/as lectores/as.

Método

Participantes

Este proxecto está deseñado por catro profesoras da área de Didáctica da Lingua e a Literatura e un profesor da área de Didáctica da Expresión Plástica, que impartimos docencia nos graos en Educación Infantil e Primaria na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.

Como xa foi sinalado, un dos nosos obxectivos prioritarios é implicar o alumnado para se converter en axente protagonista de intervencións poéticas no espazo público. Con todo, e dado que as manifestacións poéticas ocuparán tanto lugares interiores como exteriores e que moitas delas poderían ser intervidas polos propios viandantes, xulgamos que a nosa iniciativa é tamén extensíbel, non só ao resto dos membros da comunidade universitaria, senón a todas aquelas persoas que transitan polos citados espazos e que poderán ser, a un tempo, destinatarios e participantes potenciais da mesma.

Desde a nosa perspectiva, a literatura e, por tanto, tamén a poesía non pode ficar unicamente recluída nun anaco de papel, mais ao contrario debe proxectarse sobre espazos públicos que contribúan para a dotar de visibilidade e para animar á lectura. A pouco que reparemos, a cantidade de persoas que transitan polo campus é ampla, mais non todas teñen hábito lector. De feito, a nosa experiencia como formadoras de futuros docentes corrobora esta realidade no día a día das aulas. En consecuencia, levar os textos literarios fóra das aulas e achegalos a outros contextos en que tamén se desenvolve a vida académica, cremos que constitúe en si propia unha dinámica de animación lectora.

Materiais

A respecto dos recursos necesarios para a posta en práctica, as actividades tentarán aproveitar materiais de refugallo, facilitar as segundas vidas, as dobres lecturas, a reciclaxe etc. Así mesmo, utilizaranse

materiais cos que xa conta a propia universidade, tales como cámaras e proxectores. A maiores, serán precisos materiais funxíbeis (vinilos adhesivos, spray e algúns materiais de oficina) e non funxíbeis (espellos, imáns).

Procedemento

As accións inspíranse en iniciativas semellantes de dinamización poética e artística, como as que se veñen desenvolvendo desde os anos noventa arredor do movemento Acción Poética en toda América Latina ou outras máis próximas ao noso contexto, como o proxecto “Ruar e Rir” en Carballo ou os graffiti poéticos realizados recentemente no CPI Cruz do Sar, de Bergondo. Deste modo, tanto os espazos exteriores (os pasos de peóns, as esquinas, as paradas do autobús, os xardíns) como os interiores (as entradas dos centros, as paredes, as salas de traballo, os corredores, as cafeterías, as salas de reprografía etc.) mostrarán poemas, tanto obras de autores e autoras xa publicadas ou expostas como creacións inéditas destes ou dos propios participantes. Algunhas das intervencións xa se realizaron no curso académico 2016/2017, tal e como se recolle no apartado de Resultados, mais outras levaranse á práctica en cursos vindeiros.

A respecto da natureza das intervencións propostas, o noso proxecto inclúe actividades de carácter pechado, que actuarán como reclamo, ou locomotora do obxectivo formulado, e outras máis abertas, inacabadas ou incompletas até que a acción do individuo, “atrapado” na súa curiosidade polas primeiras, as complete.

A continuación, pasamos a relatar algunhas destas actividades -pechadas e abertas-, coa finalidade de describir e dar a coñecer, de xeito máis pormenorizado, o noso proxecto, caracterizado pola súa pegada visual.

En primeiro lugar, debemos manifestar que unha das características fundamentais das actividades pechadas é que terán unhas estruturas soporte para facilitar a súa visibilidade. Isto é o que sucede coa denominada “Reflexos-reflexións”, que dá nome a este traballo. O xogo dos reflexos é a similitude das dúas palabras. En lugares de paso das facultades téntase, en primeiro lugar, chamar a atención. Unha vez conseguido transmítense mensaxes curtas, pequenas reflexións que só se len nos reflexos. Cunhas estruturas sinxelas, aparecen nas esquinas concorridas (nas propias esquinas, Figura 1) ou nas entradas (no chan).




Figura 1. Medidas do artefacto

Os textos en vertical apóianse nunha superficie translúcida (papel vexetal) e reflíctense nunha superficie espellada a noventa graos. No caso horizontal trátase de textos impresos no chan. As frases están escritas do revés en ambos os casos para chamar a atención e lense nas superficies reflectoras, como se observa na Figura 2.




Figura 2. Vista da solución en esquina

Dado que o que queremos é que as persoas usuarias do campus e das súas instalacións se convertan non só en lectoras senón tamén en creadoras, moitas das intervencións precisarán dos e das viandantes para seren completadas. Así, poderíamos escribir o primeiro verso dun poema para que se completen os demais seguindo a mesma rima ou eliminar algunhas palabras dunha composición coñecida e deixar os seus ocos baleiros para que se completen con outras palabras novas.

Explorárase, neste sentido, a posibilidade de utilizar algunha parede como soporte das intervencións. Outra opción é ofrecer palabras soltas ou versos, en forma de imáns de neveira, por exemplo, para que as persoas cren as súas propias composicións, de xeito individual ou colectivo. Desta maneira, a dinamización convértese nalgo activo e maniféstase o carácter lúdico da poesía.

E, por outro lado, se de paredes estamos a falar, non debemos esquecer a presenza do grafiti como unha forma máis de intervención que, por outra parte, non é allea aos nosos principais destinatarios, o alumnado. Trátase, pois, de integrar textos de creación propia, de pezas de autores actuais, que poderán puntualmente colaborar connosco, ou mesmo de clásicos da literatura recontextualizados, xunto coa imaxe. Os nosos referentes aquí son, por exemplo, os traballos de caligrafía urbana ou *caligrafittis*, de Said Dokins (<https://saidokins.blogspot.com.es/>), ou o proxecto MaisMenos (<http://maismenos.net/>) de Miguel Januário (Baltrusch, 2015).

Así mesmo, e continuando coas actividades abertas, outra idea é integrar a poesía coa paisaxe en lugares como xardíns ou rotondas axardinadas, empregando técnicas utilizadas nas manifestacións que combinan *land art* con poesía visual, como na obra de Raúl Zurita, de maneira que a vexetación, as pedras ou as flores e follas formen versos e palabras (de modo semipermanente ou efémero, segundo se queira). Do mesmo xeito, a poesía pode ocupar os espazos interiores a través, por exemplo, de proxeccións luminosas, á maneira das instalacións de Jenny Holzer (<http://projects.jennyholzer.com/projections>).

Para colocar en lugares de especial relevancia deixáranse textos creados polos membros da comunidade universitaria que resulten elixidos en concursos de creación (poesía, microrrelato, formas próximas ao letrismo, caligramas, poesía visual etc.) promovidos desde as diferentes materias implicadas ou desde outras entidades, como a Comisión de Extensión Cultural ou a Comisión de Normalización Lingüística.

Resultados

Antes de describir brevemente as experiencias, queremos aclarar que este proxecto tivo a súa orixe nunha proposta galardoadada no ano 2016 co XIII Premio Luísa Villalta a iniciativas normalizadoras da lingua galega que conceden as tres universidades galegas. Logo deste premio e dada a dimensión educativa e transformadora do mesmo, os seus membros decidiron, por un lado, implementalo nalgúns das materias impartidas nos graos universitarios que alberga a Facultade de Ciencias da Educación, e, por outro, abrillo a todas as linguas escollidas polos futuros participantes.

Até agora só foron levadas a cabo dúas intervencións poéticas, desenvolvidas, neste caso,

no marco da materia de Lingua castelá e a súa didáctica do Grao en Educación Primaria, se ben contaron coa colaboración de todos os membros desta proposta (encargados de disciplinas relacionadas coa didáctica da lingua galega, a literatura infantil e xuvenil e a educación artística), potenciando así o carácter transdisciplinar das intervencións. Deste xeito, e tras unha breve introdución por parte dos responsábeis do proxecto, tanto os docentes coma os alumnos e alumnas procederon a realizar unha escolla do corpus literario das intervencións, previamente delimitado á obra de Rosalía de Castro, xa que esta actuación tiña, ademais dos xa citados obxectivos, a intención de conmemorar o 180 aniversario do seu nacemento. Logo, por grupos de catro e cinco persoas, os participantes deseñaron cadanseu artefacto e procederon a colocalo tanto nos espazos interiores da facultade (entrada, corredores, escaleiras, cafetería etc) coma nas súas inmediacións (xardíns, aparcamento e patio cuberto). Seguidamente tivo lugar unha visita guiada de carácter colectivo na que cada un dos grupos explicou os seu proxecto, isto é: a escolla do verso ou poema da escritora (pertencentes aos poemarios *Cantares gallegos*, *Follas novas* e *En las orillas del Sar*) os materiais empregados (obxectos de refugallo, pedras, flores e follas) e a súa finalidade. Así mesmo, cada unha das propostas foi debidamente fotografada e/ou filmada e subida a Twitter co hashtag #rosaliaTe -co que se celebrou o Día de Rosalía na citada rede social- para seren compartidas con outros usuarios virtuais (cabe resaltarmos aquí que moitos viandantes non participantes fixeron o propio nesta e noutras redes sociais). Finalmente, uns días despois, tivo lugar unha reflexión colectiva sobre a intervención, na que o estudantado destacou o carácter lúdico da actividade e a constatación da necesidade de utilizar o espazo físico da facultade como lugar de diálogo e reivindicación social e cultural e a difusión da intervención.

A segunda intervención xurdiu da inqueda manifestada polos estudantes por seguir traballando nos espazos públicos da facultade. Tamén tivo lugar no marco da xa citada materia, Lingua castelá e a súa didáctica, logo dunha asemblea na que os alumnos e alumnas, xunto coa docente, decidiron a maneira de conmemorar o Día do Libro. Deste xeito, na devandita data, o grupo de alumnos e alumnas colocou unha serie de poemas de diferentes escritores nun dos corredores da facultade a modo de liña do tempo. Os materiais foron os mesmos que os da anterior intervención, se ben o corpus poético foi delimitado por eles mesmos. Nesta ocasión, os membros do grupo e os seus compañeiros e compañeiras primaron o carácter didáctico e educativo da intervención e manifestaron o seu interese en reproducila ao longo da súa futura carreira docente.

Discusión

Esta proposta combina poesía, expresión artística e linguaxe audiovisual, disciplinas todas elas con presenza no campus universitario. Nese sentido, xulgamos que o proxecto non só é viábel a pequena escala -como xa demostraron as experiencias previas-, mais tamén pode ampliar o seu ámbito de actuación mediante a coordinación con outras áreas como as de Filoloxía, Arquitectura, Belas Artes e Comunicación Audiovisual.

En relación coa posta en práctica, as intervencións realizadas até o momento, se ben que todas elas pechadas, tiveron unha boa acollida entre o alumnado participante e parecen estar a cumprir os obxectivos formulados no inicio. Así pois, tanto a fase de elaboración dos artefactos, como a intervención propiamente dita e a necesaria reflexión durante todo o proceso contribuíu para ampliar a concepción que os participantes tiñan da literatura e dos espazos en que esta debe ser proxectada. Nesta liña, tamén xulgamos que todas as intervencións levadas a cabo actúan como resorte de visibilidade para o xénero poético, na medida en que constitúen un reclamo para as persoas viandantes que, atraídas pola orixinalidade das propostas, se ven en moitos casos obrigadas a deterse e, esperamos, a reflexionar sobre estas mesmas cuestións. De forma simultánea, tamén fomentan, ao noso ver, a animación á lectura fóra dos espazos en que esta xa constitúe unha práctica excesivamente ritualizada.

Pero alén da valoración estritamente literaria do proxecto, queremos resaltar a súa potencialidade transformadora, xa que os alumnos e alumnas puideron decatarse da importancia do espazo público -e mesmo dos lugares de tránsito- como espazos de diálogo e de reflexión social, da dimensión das artes como xeradoras do pensamento crítico e da importancia da liberdade de expresión como ferramenta empoderadora dos cidadáns e das cidadás.

Referencias

- Baltrusch, B. (2015). Traducir lo poético en el espacio público: algunas cuestiones hermenéuticas relacionadas con el grafiti y la performance como poesía de intervención. En Cid, A & Lourido, I. (eds.), *La poesía actual en el espacio público* (pp. 23-58). Villeurbanne: Orbis Tertius.
- Baltrusch, B. & Lourido, I. (2012). Sketching Non-Lyrical Discourses in Contemporary Poetry. En Baltrusch, B. & Lourido, I. (eds.), *Non-Lyrical Discourses in Contemporary Poetry* (pp. 11-26). München: Martin Meidenbauer.
- Bowman, A. K. & Wool, G. (1999): *Cultura escrita y poder en el mundo antiguo*. Barcelona: Gedisa.
- Casas, A. (2012). Non-Lyrical Poetry in the Current System of Genres. En Baltrusch, B. & Lourido, I. (eds.), *Non-Lyrical Discourses in Contemporary*

- Poetry (pp. 29-44). München: Martin Meidenbauer.
- Cid, A. & Lourido, I. (2015). Paradigmas en movimiento: la poesía actual en el espacio público. En Cid, A & Lourido, I. (eds.), *La poesía actual en el espacio público* (pp. 9-20). Villeurbanne: Orbis Tertius.
- Innerarity, D. (2006). *El nuevo espacio público*. Pozuelo de Alarcón: Espasa Calpe.
- Landry, R. & Bourhis, R. (1997). Linguistic landscape and ethnolinguistic vitality: an empirical study. *Journal of Language and Social Psychology* 16, 23-49. <http://dx.doi.org/10.1177/0261927x970161002>.
- Lourido, I. (2014). *Livros que nom lê ninguém. Poesía, movementos sociais e antagonismo político na Galiza*. Santiago de Compostela: Através.
- Rabotnikof, N. (2008). Lo público hoy: lugares, lógicas y expectativas. *Íconos. Revista de Ciencias Sociales* 32, <http://dx.doi.org/10.17141/iconos.32.2008.288>

Agradecimientos

Estefanía Mosquera Castro, Montserrat Muriano Rodríguez, Iria Sobrino-Freire, Roberto Suárez Brandariz, Patricia Carballal Miñán, Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación, Universidade da Coruña, 15071 A Coruña, España.

O presente traballo inscríbese no marco dos seguintes grupos de investigación da Universidade da Coruña: DILEC (Grupo de Investigación en Didáctica das Linguas e as Culturas), HISPANIA (Grupo de Investigación en Lengua y Cultura Hispánicas) e ILLA (Investigación Lingüística e Literaria Galega). Está vinculado así mesmo co proxecto de investigación “Poesía actual y política: análisis de las relaciones contemporáneas entre producción cultural y contexto sociopolítico” (FFI2016-77584-P), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad do Gobierno de España.